







Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

CURSO COTSG

A DINAMIZACIÓN COMUNITARIA NA INTERVENCIÓN SOCIAL




- 
- 
- 01.** RESUMO DO CURSO
 - 02.** OBXECTIVOS
 - 03.** CONTIDOS FORMATIVOS
 - 04.** PERSOAS DESTINATARIAS
 - 05.** CALENDARIO
 - 06.** METODOLOXÍA
 - 07.** AVALIACIÓN
 - 08.** DOCENTES



ÍNDICE

RESUMO DO CURSO





50 horas



Do 1 de outubro a 25 de
novembro de 2026
Sesión en liña **xoves 19 de
novembro**



Teleformación



RESUMO DO CURSO

O desenvolvemento social resulta esencial para avanzar cara a unha sociedade máis participativa e inclusiva, capaz de identificar e atender as necesidades dos grupos máis vulnerables dentro da comunidade.


O traballo social comunitario cumpre unha función de concienciación, mobilización e organización da poboación, promovendo a súa participación activa nos procesos de cambio. A intervención comunitaria busca que as persoas coñezan a súa realidade, identifiquen as súas necesidades e problemáticas e participen na toma de decisións.

Para desenvolver este labor, as persoas profesionais precisan ferramentas, métodos e estratexias que lles permitan dinamizar grupos, acompañar procesos comunitarios e promover a autonomía e a participación social.

A formación aborda os fundamentos da intervención social comunitaria, o diagnóstico e a avaliación, a elaboración e xustificación de proxectos, as funcións e competencias da persoa dinamizadora e unha caixa de ferramentas prácticas, con especial atención á metodoloxía de Aprendizaxe-Servizo. O obxectivo é facilitar a aplicación eficaz da intervención comunitaria nos contextos sociais actuais.


OBXECTIVOS

- **Coñecer** os fundamentos e as principais características da intervención social comunitaria.
- **Comprender** o proceso de intervención comunitaria e a importancia do diagnóstico e da avaliación.
- **Adquirir** coñecementos e criterios prácticos para dinamizar de maneira eficiente os grupos e as comunidades.
- **Incorporar** ferramentas, métodos e estratexias para abordar situacións sociais críticas ou complexas.
- **Desenvolver** capacidades para deseñar, executar e xustificar proxectos de dinamización comunitaria.
- **Identificar** as funcións, tarefas e competencias da persoa dinamizadora.
- **Coñecer** a metodoloxía de Aprendizaxe-Servizo e as súas posibilidades de aplicación no ámbito comunitario.





CONTIDOS FORMATIVOS



MÓDULO 1: A intervención social comunitaria

- Contextualización.

MÓDULO 2: O proceso de intervención social comunitaria:

- O diagnóstico no proceso comunitario.
- A avaliación no proceso comunitario.

MÓDULO 3: Elaboración e xustificación de proxectos de dinamización comunitaria

MÓDULO 4: A persoa dinamizadora

- Funcións.
- Tarefas.
- Competencias.

MÓDULO 5: Caixa de ferramentas:

- A metodoloxía de Aprendizaxe-Servizo (ApS).

TEST E CASO PRÁCTICO FINAIS

PERSOAS DESTINATARIAS

Persoas interesadas en coñecer e incorporar ferramentas, métodos e estratexias para a dinamización comunitaria.

A formación está especialmente orientada a profesionais do ámbito social que desenvolvan ou desexen desenvolver procesos de intervención con grupos e comunidades.



CALENDARIO

A formación desenvolverase durante os meses de **1 de outubro ao 25 de novembro de 2026**, en modalidade de teleformación.

Inicio dos módulos:


- Módulo 1: **1 de outubro.**
- Módulo 2: **12 de outubro.**
- Módulo 3: **21 de outubro.**
- Módulo 4: **30 de outubro.**
- Módulo 5: **10 de novembro.**

Sesión en liña “Boas prácticas na intervención social comunitaria”:

19 de novembro, de 16.00 a 18.00 horas.

Data sinalada para as probas finais:

20 de novembro de 2026.



METODOLOXÍA



Proponse unha formación de **50 horas** en modalidade de **teleformación**, desenvolvida a través da **plataforma Moodle** do COTSG. O alumnado avanzará de **maneira flexible** polo itinerario de aprendizaxe, integrado por cinco módulos cos seus correspondentes contidos e actividades.

Para superar o curso, deberá completar **todos os apartados** da acción formativa e realizar un **exercicio práctico** e unha **proba final tipo test** sobre os contidos traballados.

Na plataforma estará dispoñible a **Guía do alumnado**, que incluírá o horario de titorías telefónicas e un enderezo de correo electrónico para o envío de consultas ou dúbidas.

A acción titorial incorporará estratexias de motivación, orientación e acompañamento. A **comunicación co alumnado** realizarase mediante:

- **Correo electrónico:** mensaxe de benvida, mensaxes informativas, recordatorios, mensaxes de motivación e comunicación final de recoñecemento.
- **Chat e videoconferencia:** titorías individuais ou colectivas, orientación e resolución de dúbidas relacionadas cos módulos.
- **Foros:** espazos destinados a favorecer a participación, a interacción, o debate e a dinamización do grupo.

A formación inclúe unha **sesión virtual** de dúas horas sobre boas prácticas na intervención social comunitaria, prevista para o **19 de novembro**, de 16.00 a 18.00 horas.

AVALIACIÓN

Para avaliar a formación teranse en conta os seguintes aspectos:

- Evolución nos temarios e cumprimento dos prazos.
- Papel activo e participativo.
- Desenvolvemento da capacidade analítica e reflexiva.
- Aproximación aos contidos a través de modelos próximos á realidade profesional.
- Interaccións entre o alumnado e a persoa titora.
- Realización do caso práctico final.
- Superación da proba final tipo test.

Instrumentos de avaliación:

- **Foro:** permitirá ao alumnado expresar as súas motivacións e expectativas ao comezo do curso e funcionará como instrumento complementario de avaliación mediante a apertura de debates.
- **Caso práctico:** permitirá avaliar a adquisición e a aplicación dos coñecementos traballados. A súa corrección incluírá información sobre a puntuación obtida e os posibles erros cometidos.
- **Avaliación final:** consistirá nunha proba tipo test sobre os contidos xerais da formación. A persoa titora asignará unha puntuación de acordo cos criterios de avaliación previamente definidos.





A

ALBA


**Traballadora social de APES Asociación
Colexiada n.º 4065**

- Conta con máis de 1.000 horas de formación complementaria nos ámbitos penitenciario, das adicciós, da violencia de xénero, da igualdade, da saúde mental, da integración sociolaboral, da intervención con persoas privadas de liberdade, do acoso escolar, da dinamización comunitaria, da Aprendizaxe-Servizo e da prevención da violencia xuvenil.
- Posúe experiencia profesional en APES Asociación e no centro penitenciario de Pereiro de Aguiar, en Ourense.
- Desenvolveu proxectos de acompañamento para o emprego, preparación para a vida en liberdade en centros penitenciarios e prevención da delincuencia en centros educativos.
- Conta con experiencia na elaboración, implementación e xustificación de proxectos comunitarios nos ámbitos da infancia, da xuventude e da idade adulta.
- É socia da Rede Estatal de Aprendizaxe-Servizo e participa na avaliación de proxectos socioeducativos e sociocomunitarios presentados aos Premios de Aprendizaxe-Servizo desde 2022.

MORETÓN



M



Colexio Oficial de
Traballo Social
de Galicia

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago
de Compostela

981 568 100

info@traballosocial.gal

www.traballosocial.gal

facebook.com/COTSdeGalicia

[@cotsgalicia](https://twitter.com/cotsgalicia)

